



ACTA Nº 8

ACTA DA SESIÓN DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2026 DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (QUENDA PROMOCIÓN INTERNA) DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDEMENTO CONCURSO – OPOSICIÓN- Exp. Adm. 46473-220

Reunidos no despacho da Secretaria do Órgano, sito no soto 1º do Concello de Vigo, sendo as 09,30 horas do 15 de xaneiro de 2026, asisten os seguintes membros do Órgano a efectos de celebrar a sesión do mesmo:

Asisten:

Dª. Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira industrial no Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, na condición de Presidenta titular do órgano de selección.

Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro, Xefa do servizo de seguridade, na condición de Secretaria titular do órgano, actuando con voz e sen voto.

D. Héctor Soaje Bermúdez, Cabo xefe saída do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo, na condición de vogal titular 1º.

D. Joaquín Fuentes Domínguez, Cabo xefe saída do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo, na condición de vogal titular 2º.

D. Francisco Rivero Álvarez, Cabo xefe saída do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo, na condición de vogal titular 3º.

D. Luis Iglesias Rejas, na súa condición de asistencia técnica da administración electrónica, segundo establece a base 8.3 das Xerais.

O Órgano de Selección, por unanimidade, aproba a acta número 7 deste proceso.

Seguidamente, a Secretaria entrega aos membros do Órgano de Selección copia do Informe Xurídico, emitido pola Secretaria e asinado en data 15/01/2026, sobre as reclamación presentadas polos aspirantes ás puntuacións asignadas ao primeiro exercicio, tipo test, da fase de oposición do proceso de concurso-oposición de Cabo Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna da O.E.P 2020-2021- 2022 – 2ª Fase do Concello de Vigo (Exp. Adm. 46473-220).

O informe xurídico ten o seguinte tenor literal:

*“(…) Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (INCIDENCIAS), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, emítese o seguinte **INFORME XURÍDICO** que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:*

Tendo sido publicadas en data 19 de decembro de 2025 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección ao primeiro exercicio tipo tests da fase de oposición,

Dentro do prazo legal de tres (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación dos devanditos anuncios, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas os seguintes aspirantes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 1 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**): ID 100118

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Promoción interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. n° 250359381, data presentación reclamación 19/12/2025.

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 8 e 31.

Con relación á pregunta n° 8, o aspirante manifesta que, debido á falta de concreción do enunciado, pódese considerar resposta correcta a opción "D", e non soamente a opción "C" que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta n° 31, manifesta que esta pregunta foi obtida polo Órgano de Selección da páx. 157 do manual denominado "Libro Rojo", e no devandito Manual considérase correcta a opción "A" que foi a seleccionada polo aspirante, e non a opción "B" que foi a considerada correcta polo Órgano de Selección.

- Proposta:

Ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.

- ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**): ID102366

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Promoción interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. n° 250360452, data presentación reclamación 22/12/2025.

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 31, 42 e 48.

Con relación á pregunta n° 31, o aspirante manifesta que, a opción de resposta "B", dada polo órgano de selección é incorrecta. Achega Documento do Ministerio do Interior e manifesta que as unidades do sistema internacional para esa radiación é o Grey (GY).

Con relación á pregunta n° 42, o aspirante manifesta que, son correctas as respostas "A" e "D", cando o Tribunal considerou correcta só a opción "D", polo que solicita se anule a pregunta.

Con relación á pregunta n° 48, o aspirante manifesta que, son correctas as respostas "A" e "C", cando o Tribunal considerou correcta só a opción "C", polo que solicita se anule a pregunta. Manifesta que IEDO son tamén as siglas da Asociación Internacional de Drons de Emerxencia. Deste xeito, pódese comprobar que as siglas da Asociación serían IAEDO (International Association of Emergency Drone Operator), non IEDO, Polo que a única resposta correcta é a opción "C".

- Proposta:

Con relación ás preguntas n° 31 e 42, ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.

Con relación á pregunta n° 48, propónse desestimar a mesma por canto a única resposta única resposta correcta é a opción "C", tal e como considerou o Tribunal.

- JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**): ID 100344

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Promoción interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. n° 250362811, data presentación reclamación 23/12/2025.

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 8, 10, 21, 28, 40, 45 e 53.

Con relación á pregunta n° 8, o aspirante manifesta que esta pregunta refírese á temática de hidráulica, materia que, segundo o aspirante, non se atopa dentro do temario específico da oposición, polo que solicita a anulación da pregunta.

Con relación á pregunta n° 10, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción "B", e non a opción "D" que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta n° 21, o aspirante manifesta que a resposta correcta é a opción "C", e non a opción "A" que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

A pregunta n° 21 ten o seguinte enunciado: "Se nos atopamos perante un suceso brusco e inesperado que poida causar dano estaremos falando de: A) Accidente de traballo, B) Enfermidade profesional, C) Incidente, D) Ningunha opción de resposta é correcta."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 2 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Manifesta o aspirante que a norma que define especificamente o concepto de accidente de traballo é o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Xeral da Seguridade Social. No seu artigo 156.1 establécese literalmente: «Se entende por accidente de trabajo toda lesión corporal que el trabajador sufra con ocasión o por consecuencia del trabajo que ejecute por cuenta ajena». Manifesta que de dita definición despréndese que o accidente de traballo esixe necesariamente a existencia dunha lesión corporal efectiva ou enfermidade producida con ocasión ou por consecuencia do traballo. Deste xeito, o enunciado da pregunta non describe a produción dunha lesión ou dano, senon que se limita a indicar que o suceso “puede causar daño”, plantexando unha mera posibilidade sen que o dano chegue a materializarse. En consecuencia, non concorren os elementos esixidos legalmente para cualificar o suceso como accidente de traballo.

Manifesta o aspirante que a situación descrita na pregunta correspóndese co concepto de incidente, entendido como o suceso brusco e inesperado que puido haber causado un dano, pero que finalmente non o ocasionou. Neste sentido, a Real Academia Española define “incidente” como: «Acontecimiento que altera o interrompe el curso normal de algo.»

Con relación á pregunta nº 28, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “C”, e non a opción “B” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta nº 40, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “A”, e non a opción “C” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta nº 45, o aspirante manifesta que a pregunta está mal formulada, imprecisa na súa redacción, defecto de formulación por confusión conceptual polo que solicita sexa anulada.

A pregunta nº 45 ten o seguinte enunciado: «Los protocolos y procedimientos son: A) Pautas de comportamiento social, B) Consejos de no obligado cumplimiento, C) Herramientas para facilitar la toma de decisiones en situaciones concretas, D) Rígidis y de obligado cumplimiento» O Tribunal deu por válida a opción C).

Con relación á pregunta nº 53, o aspirante manifesta que esta pregunta ao refírese á temática de hidráulica, materia que, segundo o aspirante, non se atopa dentro do temario específico da oposición, polo que solicita a anulación da pregunta.

- Proposta:

Con relación ás preguntas nº 8, 10, 28, 40 e 53 ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaría (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.

Con relación á pregunta nº 21, propónse estimar a reclamación presentada por DON JORGE LÓPEZ ROSELLÓ por canto a opción de resposta correcta debe ser a opción “C” -Incidente-, xa que o accidente de traballo esixe necesariamente a existencia dunha lesión corporal efectiva ou enfermidade producida con ocasión ou por consecuencia do traballo segundo establece o artigo 156.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Xeral da Seguridade Social. Deste xeito, o enunciado da pregunta nº 21 non describe a produción dunha lesión ou dano, se non que se limita a indicar que o suceso “puede causar daño”, planteando unha mera posibilidade sen que o dano chegue a materializarse, sendo esta a definición de Incidente, puido causarse dano pero non se causou.

Con relación á pregunta nº 45, propónse desestimar a reclamación con relación a esta pregunta nº 45, por canto cabe definir un protocolo como conxunto de normas e directrices xerais que establecen que debe facerse perante unha situación determinada, establecendo un marco de actuación xeral, non entrando no detalle paso a paso. Non obstante, o procedemento indica unha secuencia detallada e ordenada de accións que explica como deberá facerse unha tarefa concreta. O procedemento derivase do protocolo pero é mais específico, sendo adaptable en situacións de emerxencia, prevalecendo o criterio profesional do mando e do interviniente perante situacións excepcionais.

Deste xeito, os protocolos e os procedementos son guías de actuación que deben cumprirse sempre que a situación o permita, pero poden adaptarse cando as circunstancias operativas o esixan. Polo que a resposta correcta é a “C”, opción do Tribunal. Polo que propónse desestimar a reclamación con relación a esta pregunta nº 45.

- MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**): ID 100231

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Promoción interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 E 250362932, data presentación reclamación 23/12/2025.

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 6, 24 e 27.

Con relación á pregunta nº 6, o aspirante manifesta que hai varias respostas alternativas cando o Tribunal considerou correcta a opción “C”.

Con relación á pregunta nº 24, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “A”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 3 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con relación á pregunta nº 27, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “C”.

- Proposta:

Con relación ás preguntas nº 6, 24 e 27 ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaría (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma. (...)”.

O Órgano de Selección da lectura ao Informe Xurídico e as reclamacións presentadas, adoptando o seguinte **ACORDO** polos motivos que se expresan a continuación.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250359381, data presentación 19/12/2025, de PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**), ID 100118**

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 8 e 31.

Con relación á pregunta nº 8, o aspirante manifesta que, debido á falta de concreción do enunciado da pregunta, pódese considerar resposta correcta a opción “D”, e non soamente a opción “C”, que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección. A pregunta nº 8 ten o seguinte enunciado:

P. 8: No proceso de aspiración, canto maior sexa a temperatura mais perdas de carga haberá. ¿sabería indicar cantos metros de columna de auga pérdense a 50º?

- a) 0,23 mca*
- b) 0,32 mca*
- c) 1,25 mca*
- d) Esta afirmación non é certa*

Con relación á pregunta nº 31, manifesta que esta pregunta foi obtida polo Órgano de Selección da páx. 157 do manual denominado “Libro Rojo”, e no devandito manual considérase correcta a opción “A” que foi a seleccionada polo aspirante, e non a opción “B” que foi a considerada correcta polo Órgano de Selección.

- Motivación do Órgano de Selección:

Con relación á pregunta nº 8, a aspiración da auga pode ser doce ou salgada. Certamente o enunciado da pregunta non concreta o tipo de auga, doce ou salgada, non obstante, no caso de auga doce a resposta sería 1,25 mca e para o caso de salgada sería 1,2 mca. Polo tanto, entre as catro respostas tan só hai unha válida “C”, posto que a opción “D” refírese ao enunciado da pregunta.

Con relación á pregunta nº 31, o Sr. Buján fala de ITISy, que non se trata dunha unidade radiolóxica estandar, cando o texto da pregunta expresa as unidades en mSv.

- Proposta:

Desestimar integramente a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250359381, data presentación 19/12/2025, de PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**), ID 100118.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**), ID102366**

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 31, 42 e 48.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 4 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con relación á pregunta nº 31, o aspirante manifesta que, a opción de resposta “B”, dada polo órgano de selección é incorrecta. Achega un Documento do Ministerio do Interior e manifesta que a unidade do sistema internacional para esa radiación é o Grey (GY).

A pregunta nº 31 ten o seguinte enunciado:

En exposicións a riscos radiolóxicos, ¿Que dose absorbida en mSv causa o 50% de mortalidade en 5 meses?

- a) 10.000
- b) 3.500
- c) 3.000
- d) 19.5000

Con relación á pregunta nº 42, o aspirante manifesta que, son correctas as respostas “A” e “D”, cando o Tribunal considerou correcta só a opción “D”, polo que solicita se anule a pregunta.

Con relación á pregunta nº 48, o aspirante manifesta que, son correctas as respostas “A” e “C”, cando o Tribunal considerou correcta só a opción “C”, polo que solicita se anule a pregunta. Manifesta que IEDO son tamén as siglas da Asociación Internacional de Drons de Emerxencia.

- Motivación do Órgano de Selección:

Con relación á pregunta nº 31, o enunciado da mesma sinala un error técnico insalvable, existindo unha contradición entre a magnitude que pide e a unidade que utiliza. O enunciado da pregunta pide dose absorbida e esixe a resposta en mSv, deste xeito, non se pode medir unha dose absorbida en sieverts, xa que é como pedir o peso de algo en metros. Polo exposto, débese anular devandita pregunta 31 e substituíla por a pregunta nº 51 das de reserva.

Con relación á pregunta nº 42, reproducése o enunciado da mesma:

P. 42.- Como norma xeral, un mando intermedio debe de:

- a) *Priorizar os intervinientes antes que ás vítimas.*
- b) *Ter en conta a Lei de Prevención de Riscos Laborais que prioriza ás vítimas perante a lei.*
- c) *Tomar medidas para priorizar ás vítimas antes que aos intervinientes.*
- d) *Protexer a vida e a integridade non so dos afectados senón tamén dos intervinientes.*

Como norma xeral un mando non debe priorizar sempre/solo aos intervinientes antes que ás vítimas. Non se pode ignorar ás vítimas posto que o seu obxectivo final é o salvamento. A opción de resposta “D” é a mais completa de todas, posto que é o que debe facer un mando. Deberá facer unha lectura da escena, ter en conta as vítimas coas suficientes garantías para os intervinientes.

Con relación á pregunta nº 48, reproducése o enunciado da mesma:

P. 48.- ¿Qué é o IEDO?

- a) *Siglas da Organización Internacional de Drons de Emerxencia.*
- b) *Siglas de Información, Evaluación, Decisión e Organización.*
- c) *É un proceso razoado na toma de decisións.*
- d) *Siglas de Información, Estratexia, Decisión e Ordes.*

Manifesta o Sr. García que IEDO son tamén as siglas da Asociación Internacional de Drons de Emerxencia. Deste xeito, pódese comprobar que as siglas da Asociación serían IAEDO (Internacional Association of Emergency Drone Operator), non IEDO, Polo que a única resposta correcta é a opción “C”.

- Proposta:

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 5 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

***7896**): ID102366, con relación á pregunta nº 31, procedendo á anulación da pregunta nº 31, sendo substituída pola pregunta nº 51 das de reserva que ten como resposta correcta o opción 51 “A”.

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**): ID102366, con relación ás preguntas nº 42 e 48.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344**

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 8, 10, 21, 28, 40, 45 e 53.

Con relación á pregunta nº 8, o aspirante manifesta que esta pregunta refírese á temática de hidráulica, materia que, segundo o aspirante, non se atopa dentro do temario específico da oposición, polo que solicita a anulación da pregunta.

Con relación á pregunta nº 10, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “B”, e non a opción “D” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta nº 21, o aspirante manifesta que a resposta correcta é a opción “C”, e non a opción “A” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

A pregunta nº 21 ten o seguinte enunciado:

P.21.- *“Se nos atopamos perante un suceso brusco e inesperado que poida causar dano estaremos falando de:*

- a) Accidente de traballo,*
- b) Enfermidade profesional,*
- c) Incidente,*
- d) Ningunha opción de resposta é correcta.*

Manifesta o aspirante que a norma que define especificamente o concepto de accidente de traballo é o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Xeral da Seguridade Social. No seu artigo 156.1 establécese literalmente: *«Se entiende por accidente de trabajo toda lesión corporal que el trabajador sufra con ocasión o por consecuencia del trabajo que ejecute por cuenta ajena»*. Manifesta que de dita definición despréndese que o accidente de traballo esixe necesariamente a existencia dunha lesión corporal efectiva ou enfermidade producida con ocasión ou por consecuencia do traballo. Deste xeito, o enunciado da pregunta non describe a produción dunha lesión ou dano, senón que se limita a indicar que o suceso *“puede causar daño”*, formulando unha mera posibilidade sen que o dano chegue a materializarse. En consecuencia, non concorren os elementos esixidos legalmente para cualificar o suceso como accidente de traballo. Manifesta o aspirante que a situación descrita na pregunta correspóndese co concepto de incidente, entendido como o suceso brusco e inesperado que puido haber causado un dano, pero que finalmente non o ocasionou. Neste sentido, a Real Academia Española define “incidente” como: *«Acontecimiento que altera o interrumpe el curso normal de algo.»*

Con relación á pregunta nº 28, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “C”, e non a opción “B” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta nº 40, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “A”, e non a opción “C” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

Con relación á pregunta nº 45, o aspirante manifesta que a pregunta está mal formulada, imprecisa na súa redacción, defecto de formulación por confusión conceptual polo que solicita sexa anulada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 6 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con relación á pregunta nº 53, o aspirante manifesta que esta pregunta ao refírese á temática de hidráulica, materia que, segundo o aspirante, non se atopa dentro do temario específico da oposición, polo que solicita a anulación da pregunta.

- Motivación do Órgano de Selección:

Con relación á pregunta nº 8, o tema nº 5 da parte específica do temario da oposición titúlase: “*Dinámica e estática de fluídos. Interaccións coas instalacións. Estudo das bombas hidráulicas e os seus sistemas*”. O apartado estudo das bombas hidráulicas ten relación coa pregunta nº 8, que refírese ao funcionamento dunha bomba hidráulica.

Con relación á pregunta nº 10, o aspirante manifesta que a resposta correcta é a opción “B”, e non a opción “D” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

A pregunta nº 10 ten o seguinte texto:

- P. 10.- *¿Qué características teñen as ferramentas hidráulicas de corte e separación?*
- a) *Se poden utilizar en ambientes onde non se poidan producir chispas.*
 - b) *Se poden usar dentro do auga.*
 - c) *Segundo a norma UNE-EN 13204, a velocidade de apertura e peche non debe ser menos de 2 s.*
 - d) *Todas as respostas son correctas.*

Constátase que existen dúas respostas correctas, opcións “A-B”. A opción “A” é correcta porque se poden utilizar en ambientes onde non se poidan producir chispas, sempre que sexa para cortar ou separar materiais, como sería a madeira, que non emiten chispas. A opción “C” non é correcta xa que alude á norma UNE-EN 13204, actualmente derogada, pola UNE-EN 13204:2025.

Polo exposto, existindo dúas respostas correctas, opcións “A-B”, debe anularse a pregunta nº 10 e sustituíla pola nº 52 das de reserva, cuxa opción de resposta correcta é a 52 “B”.

Con relación á pregunta nº 21, o aspirante manifesta que a resposta correcta é a opción “C”, e non a opción “A” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección.

A norma que define especificamente o concepto de accidente de traballo é o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Xeral da Seguridade Social. No seu artigo 156.1 establécese literalmente: «*Se entiende por accidente de trabajo toda lesión corporal que el trabajador sufra con ocasión o por consecuencia del trabajo que ejecute por cuenta ajena*». De dita definición despréndese que o accidente de traballo esixe necesariamente a existencia dunha lesión corporal efectiva ou enfermidade producida con ocasión ou por consecuencia do traballo. Deste xeito, o enunciado da pregunta non describe a produción dunha lesión ou dano, senón que se limita a indicar que o suceso “*puede causar daño*”, pformulando unha mera posibilidade sen que o dano chegue a materializarse. En consecuencia, non concorren os elementos esixidos legalmente para cualificar o suceso como accidente de traballo.

A situación descrita na pregunta correspóndese co concepto de incidente, entendido como o suceso brusco e inesperado que puido haber causado un dano, pero que finalmente non o ocasionou. Neste sentido, a Real Academia Española define “incidente” como: «*Acontecimiento que altera o interrumpe el curso normal de algo*». Polo exposto, a opción de resposta correcta debe ser a opción “C”, non a “A”.

Con relación á pregunta nº 28, dita pregunta ten o seguinte texto:

- P. 28.- *Abertura lonxitudinal que afecta a elemento construtivo en todo o seu espesor:*
- a) *Fisura.*
 - b) *Grieta.*
 - c) *Raxa.*
 - d) *Todas son correctas.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 7 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non pode considerarse correcta a resposta “raxa”, por canto é un concepto incorrecto, posto que non permite comprobar estados límite, non sendo medible segundo parámetros normativos e non cabe vinculalo directamente a artigos do CTE. Por tanto, a opción de resposta correcta é a “B”.

Con relación á pregunta nº 40, o aspirante manifesta que a resposta correcta a opción “A”, e non a opción “C” que foi a considerada como correcta polo Órgano de Selección. A redacción da pregunta nº 40 é a seguinte:

40.- Nun ascenso a unha zoa superior dunha estrutura, ¿qué tipo de corda utilizaremos para encordarnos e asegurar nosa progresión?

- a) Unha corda semiestática.*
- b) Unha corda estática.*
- c) Unha corda dinámica acorde ás súas especificacións.*
- d) É indiferente, sempre que sexan cordas normalizadas.*

O Sr. López alude á norma UNE-En-363:2009 pero esta norma fai alusión ao acceso mediante a propia corda a cal xa atópase en tensión e non existe factor de caída. Sen embargo, ao preguntarse polo ascenso a zoa superior, si necesitamos unha corda dinámica (opción “C”) que sexa capaz de absorvelo factor de caída.

Con relación á pregunta nº 45, o aspirante manifesta que a pregunta está mal formulada, imprecisa na súa redacción, defecto de formulación por confusión conceptual polo que solicita sexa anulada.

A pregunta nº 45 ten o seguinte enunciado:

Os protocolos e procedementos son:

- a) Pautas de comportamento social,*
- b) Consellos de non obrigado cumprimento,*
- c) Ferramentas para facilitar a toma de decisións en situacións concretas,*
- d) Ríxidos e de obrigado cumprimento»*

O Tribunal deu por válida a opción C). Proponse desestimar a reclamación con relación a esta pregunta nº 45, por canto cabe definir un protocolo como conxunto de normas e directrices xerais que establecen que debe facerse perante unha situación determinada, establecendo un marco de actuación xeral, non entrando no detalle paso a paso. Non obstante, o procedemento indica unha secuencia detallada e ordenada de accións que explica como deberá facerse unha tarefa concreta. O procedemento derivase do protocolo pero é mais específico, sendo adaptable en situacións de emerxencia, prevalecendo o criterio profesional do mando e do interviniente perante situacións excepcionais.

Deste xeito, os protocolos e os procedementos son guías de actuación que deben cumprirse sempre que a situación o permita, pero poden adaptarse cando as circunstancias operativas o esixan. Polo que a resposta correcta é a “C”, opción do Tribunal.

Con relación á pregunta nº 53, esta pregunta ao refírese á temática de hidráulica, materia que non se atopa dentro do temario específico da oposición, polo que debe anularse a mesma sendo substituída pola pregunta nº 54.

- Proposta:

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación ás preguntas nº 8, 28, 40 e 45.

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 10, procedendo á anulación da pregunta nº 10, sendo substituída pola pregunta nº 52 das de reserva que ten como resposta correcta o opción 52 “B”.

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 8 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 53, procedendo á anulación da pregunta nº 53, sendo substituída pola pregunta nº 54 das de reserva que ten como resposta correcta a opción “C”.

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 21, considerando a opción de resposta correcta a “C”.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 e 250362932, data presentación 23/12/2025, de MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**): ID 100231**

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 6, 24 e 27.

Con relación á pregunta nº 6, o aspirante manifesta que hai varias respostas alternativas cando o Tribunal considerou correcta a opción “C”.

Con relación á pregunta nº 24, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “A”.

Con relación á pregunta nº 27, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “C”.

- Motivación do Órgano de Selección:

Con relación á pregunta nº 6, ten a seguinte redacción:

P. 6.- Nunha ventilación, ¿qué proporción ten que ter o tamaño da entrada de aire respecto ao da saída para ofrecer un fluxo óptimo?

- a) A de entrada, o dobre que a de saída.*
- b) A de saída, o dobre que a de entrada.*
- c) Depende de si utilizamos unha ventilación forzada ou unha natural.*
- d) As mesmas dimensións.*

A resposta correcta é a opción “C”, xa que depende se utilizamos unha ventilación forzada ou natural, para o caso da forzada, o tamaño da saída de aire debe ser dobre que a entrada e, se usamos ventilación natural, ambas, entrada e saída, deben ser iguais.

Con relación á pregunta nº 24, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “A”, non obstante, non manifesta motivadamente cal é a opción correcta. Sendo esta a opción “A”.

Con relación á pregunta nº 27, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción “C”. Esta pregunta ten a seguinte redacción:

27.- Un puntal formará co muro un ángulo non superior a:

- a) 40°.*
- b) 50°.*
- c) 60°.*
- d) 80°.*

O ángulo ideal soe situarse entre os 45° e os 60°. Superar os 60° faría que o puntal estivera demasiado “acostado”, o que compromete a estabilidade estrutural do apeo.

- Proposta:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:17	Páxina 9 de 10
260012558	CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 e 250362932, data presentación 23/12/2025, de MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**): ID 100231 , con relación ás preguntas nº 6, 24 e 27.

Resoltas todas as reclamacións presentadas, asiste ao Tribunal D. Luis Iglesias Rejas, técnico do servizo de informática deste Concello, e procede a nova corrección dos exercicios co seguinte resultado:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
100118	35	6	9	6,4
100231	26	16	8	3,6
100344	37	3	10	7,1
100570	38	5	7	7,1
102140	33	9	8	5,7
102253	35	1	14	6,9
102366	30	8	12	5,2
102592	21	13	16	2,9

Por unanimidade do Órgano de selección apróbase o anterior cadro de notas de resultados do exercicio test, unha vez teñen sido resoltas as reclamacións presentadas:

BUJÁN PUENTES, P (DNI ***7840**): ID 100118
CALVAR RÍOS, M (DNI ***4237**): ID 100231
CASTRO GONZÁLEZ, J. L (DNI ***3810**): ID 100570
GARCÍA ALONSO, A (DNI ***7896**): ID 102366
LAGO BARCIELA, D (DNI ***0667**): ID 102140
LÓPEZ ROSELLÓ, J. (DNI ***8268**): ID 100344
REINALDO LÓPEZ, N. (DNI ***7191**): ID 102592
RODRÍGUEZ FREITAS, A (DNI ***7308**): ID 102253

E sen máis asuntos que tratar finaliza a sesión sendo as 14:30 horas, levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e praxe do Sra. Presidenta.

A Secretaria

Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital)

A Presidenta

Cristina Tapias Bouso
(data segundo sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo
260012558

Data impresión: 19/01/2026 14:17 Páxina 10 de 10
CSV: A3A2DE-DB374A-49AD22-BL16DK-W3B9C2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANUNCIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (PROMOCIÓN INTERNA) DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDIMENTO CONCURSO - OPOSICIÓN (Expediente nº 46473/220)

Tendo sido publicadas en data 19 de decembro de 2025 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección ao primeiro exercicio, tipo tests, da fase de oposición do proceso selectivo,

Dentro do prazo legal de tres (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do devandito anuncio, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas os seguintes aspirantes:

1. Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250359381, data presentación 19/12/2025, de **PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**), ID 100118.**
2. Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de **ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**), ID102366 .**
3. Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de **JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344.**
4. Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 e 250362932, data presentación 23/12/2025, de **MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**), ID 100231.**

En data 15 de xaneiro de 2026, o Órgano de Selección, por unanimidade, polos motivos expostos na Acta nº 8, que se achega co presente Anuncio, adoptou o seguinte **ACORDO**:

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250359381, data presentación 19/12/2025, de PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**), ID 100118:**

Desestimar integralmente a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250359381, data presentación 19/12/2025, de PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**), ID 100118.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**), ID102366:**



Copia do documento - Concello de Vigo

260012558

Data impresión: 19/01/2026 14:18

Páxina 1 de 3

CSV: A8ADDD-D2354E-4CAB8D-6DCD81-QV2HC6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**), ID102366, con relación á pregunta nº 31, procedendo á anulación da pregunta nº 31, sendo substituída pola pregunta nº 51 das de reserva que ten como resposta correcta o opción 51 "A".

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250360452, data presentación 22/12/2025, de ÁLVARO GARCÍA ALONSO (DNI ***7896**), ID102366, con relación ás preguntas nº 42 e 48.

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344:**

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación ás preguntas nº 8, 28, 40 e 45.

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 10, procedendo á anulación da pregunta nº 10, sendo substituída pola pregunta nº 52 das de reserva que ten como resposta correcta a opción 52 "B".

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 53, procedendo á anulación da pregunta nº 53, sendo substituída pola pregunta nº 54 das de reserva que ten como resposta correcta a opción "C".

Estimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250362811, data presentación 23/12/2025, de JORGE LÓPEZ ROSELLÓ (DNI ***8268**), ID 100344, con relación á pregunta nº 21, considerando a opción de resposta correcta a "C".

- **Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 e 250362932, data presentación 23/12/2025, de MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**), ID 100231:**

Desestimar a Reclamación ao Proceso Selectivo de Cabo Extinción Incendios, Promoción Interna (Exp. Adm 46473-220), Docs. Nº 250362929, 250362931 e 250362932, data presentación 23/12/2025, de MOISES CALVAR RIOS (DNI ***4237**), ID 100231, con relación ás preguntas nº 6, 24 e 27.

Resoltas todas as reclamacións presentadas, as puntuacións definitivas do primeiro exercicio da Oposición, tipo test, son as seguintes:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
100118	35	6	9	6,4
100231	26	16	8	3,6
100344	37	3	10	7,1
100570	38	5	7	7,1
102140	33	9	8	5,7



Copia do documento - Concello de Vigo

260012558

Data impresión: 19/01/2026 14:18

Páxina 2 de 3

CSV: A8ADDD-D2354E-4CAB8D-6DCD81-QV2HC6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

102253	35	1	14	6,9
102366	30	8	12	5,2
102592	21	13	16	2,9

BUJÁN PUENTES, P (DNI ***7840**): ID 100118
 CALVAR RÍOS, M (DNI ***4237**): ID 100231
 CASTRO GONZÁLEZ, J. L (DNI ***3810**): ID 100570
 GARCÍA ALONSO, A (DNI ***7896**): ID102366
 LAGO BARCIELA, D (DNI ***0667**): ID 102140
 LÓPEZ ROSELLÓ, J. (DNI ***8268**): ID 100344
 REINALDO LÓPEZ, N. (DNI ***7191**): ID 102592
 RODRÍGUEZ FREITAS, A (DNI ***7308**): ID 102253

Segundo o disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 5º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao Órgano de Selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Convócase para o vindeiro día 23 de xaneiro, ás 12.00 horas, aos aspirantes que teñen superado o primeiro exercicio da Oposición, tipo test, sendo estes

BUJÁN PUENTES, P (DNI ***7840**)
 CASTRO GONZÁLEZ, J. L (DNI ***3810**)
 GARCÍA ALONSO, A (DNI ***7896**)
 LAGO BARCIELA, D (DNI ***0667**)
 LÓPEZ ROSELLÓ, J. (DNI ***8268**)
 RODRÍGUEZ FREITAS, A (DNI ***7308**): ID 102253

para a realización do segundo exercicio, SUPOSTO TEÓRICO-PRÁCTICO, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar na **aula de formación da Policía Local de Vigo**, sita no soto deste Concello.

Este exercicio desenvolverase por escrito, durante un período máximo dunha hora, tendo lugar a lectura pública dos exercicios ao remate da proba, poidendo o Tribunal pedirlle aos aspirantes calquera explicación complementaria que considere oportuna segundo establecen as Bases Específicas deste proceso (BOPPO nº 179, de 13/09/2024).

A Secretaria
 Rosa Ana Garcinuño Barreiro
 (data segundo sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2026 14:18	Páxina 3 de 3
260012558	CSV: A8ADDD-D2354E-4CAB8D-6DCD81-QV2HC6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		